

Identifica a conxunción ou locución subliñada

1. Non o colleu, **pese a que** llo advertín, concesiva
2. Parece **que** vai chover.
3. Faino, **sen embargo** ten moito coidado ao manipulares ese produto.
4. **Por causa de que** expulsaron a un xogador, perderon o partido.
5. **Malia que** expulsaron a un xogador, gañaron a copa do Rei.
6. Estaban **tan** contentos **que** non paraban de rir.
7. Estaban **tan** contentos **coma** nós.
8. Ti non o descubriches, **conque** non te atribúas o mérito.
9. **Cando** o viron, xa era demasiado tarde.
10. **Mentres** estivo xogando non houbo problemas.
11. **Visto que** non solucionaban os seus problemas, chamaron ao avogado.
12. **Sempre que** adiantes os cartos, non terás ningún problema.
13. **Se** algo queres, dimo agora.
14. **Como** non mo devolvas agora mesmo, falo co titor!
15. **Como** tiña pouco tempo, comín só unha tapa de tortilla nese bar.
16. Non se lembrou do seu aniversario, **por tanto** non o felicitou.
17. Non mente, **pero** paréceo.
18. Impórtame moito a súa opinión, **así que** non me veñas con esas.
19. Creo **que** ela xa sabe algo.
20. Deixei o pedido **onde** me dixo.
21. **Antes de que** saia da clase, heina ver.
22. Solucionou o problema, **segundo** lle indicaches no teu e-mail.
23. Fixen **como** puiden.
24. Explíqueillo **porque** non daba avanzado no problema.
25. Quero **que** llo digas **cando** a vexas.